

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 21 de febreiro de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo.*

O Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por ningún mandato imperativo.

A aprobación da modificación da relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia xustifícase polas necesidades funcionais e organizativas actuais, tras as modificacións operadas por leis posteriores que afectaron a Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

En consecuencia, por proposta do Consello Consultivo de Galicia, unha vez consultadas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 15 de febreiro de 2024, adoptou o seguinte

**ACORDO:**

Primeiro. Aprobar a modificación da relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia que se xunta como anexo ao presente acordo.

Segundo. Ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para os efectos da súa entrada en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Visto o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 15 de febreiro de 2024, relativo á aprobación da modificación da relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia, coa finalidade de cumprir o dito acordo, dispoño que se publique no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2024

José Luis Costa Pillado  
Presidente do Consello Consultivo de Galicia





ANEXO

Relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia

Persoal funcionario

Código posto	Denominación	Nivel	Complemento específico	Forma de provisión	Subgrupo	Corpo/escala	Adscr. admón. p.	Titulación académica	Formación específica
CG 002	Letrado/a	30	29.316,00 €	LD	A1	XSL	AXG		
CCG 003	Letrado/a	30	29.316,00 €	LD	A1	(1)	(2)	2062	640
CCG 004	Letrado/a	30	29.316,00 €	LD	A1	XSL	AXG		
CCG 005	Letrado/a	30	29.316,00 €	LD	A1	XSL	AXG		
CCG 006	Letrado/a	30	29.316,00 €	LD	A1	XSL	AXG		
CCG 007	Letrado/a	30	29.316,00 €	LD	A1	XSL	AXG		
CCG 008	Letrado/a	30	29.316,00 €	LD	A1	XSL	AXG		
CCG 031	Xefe/a do Servizo de Xestión Económica e de Persoal e Habilitación	28	18.564,56 €	LD	A1-A2	Xeral	A11		640
CCG 032	Xefe/a da Sección de Estudos e Comunicación	25	13.678,98 €	C	A1	Xeral	A11	2058-2062	640
CCG 033	Xefe/a de Negociado de Habilitación	20	8.244,46 €	C	A2-C1-C2	Xeral	A11		640
CCG 035	Secretario/a presidente/a	20	8.244,46 €	LD	C1-C2	Xeral	A11		640
CCG 036	Secretario/a de secretario/a xeral	18	7.489,72 €	LD	C1-C2	Xeral	A11		020-640
CCG 037	Secretario/a conselleiro/a	20	8.244,46 €	LD	C1-C2	Xeral	A11		020-640
CCG 038	Secretario/a conselleiro/a	20	8.244,46 €	LD	C1-C2	Xeral	A11		020-640
CCG 039	Secretario/a conselleiro/a	20	8.244,46 €	LD	C1-C2	Xeral	A11		020-640
CCG 040	Secretario/a conselleiro/a	20	8.244,46 €	LD	C1-C2	Xeral	A11		020-640
CCG 045	Auxiliar administrativo	12	6.615,70 €	C	C2	Xeral	A11		020-640
CCG 051	Subalerno/a	10	6.486,34 €	C	AP	Xeral	A11		640



## Personal laboral

Código posto	Denominación	Forma provisión	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica
020	Titulado/a de grao medio	C	II	7	3999	143

CÓDIGO CORPO/ESCALA:

XSL: XERAL (ESCALA LETRADOS).

(1): ARTIGO 30.2 DA LEI 3/2014, DO 24 DE ABRIL-FUNCIONARIOS DO CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, ESCALA DE LETRADOS; ESCALA DE FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL, SUBESCALA DE SECRETARÍA.

CÓDIGO ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN:

AXG: ADSCRICIÓN A PERSOAL FUNCIONARIO DA XUNTA DE GALICIA.

A11: ADSCRICIÓN INDISTINTA A PERSOAL FUNCIONARIO DA XUNTA DE GALICIA, DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS E DO ESTADO.

(2): ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA (AXG) E ADMINISTRACIÓN LOCAL NO CASO DE FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.

CÓDIGO TITULACIÓN ACADÉMICA:

2058-LICENCIADO/A OU GRAO EN CIENCIAS POLÍTICAS.

2062-LICENCIADO/A OU GRAO EN DEREITO.

3999-DIPLOMADO/A UNIVERSITARIO.

CÓDIGO FORMACIÓN ESPECÍFICA:

020: COÑECEMENTOS INFORMÁTICA NIVEL USUARIO (MÉRITO).

143: TÉCNICAS DE DOCUMENTACIÓN (REQUISITO IMPRESCINDIBLE).

640: PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).

